

Limiar

Recollemos neste volume catro ensaios dedicados a distintos aspectos da obra plástica de Luís Seoane (Bos Aires, 1910 - A Coruña, 1979).

O primeiro dos traballos que presentamos: “«Un pintor que sabía o que facía». A construción do estilo en Luís Seoane” tivo como punto de partida o comisariado da mostra “Seoane, razón e compromiso”, proxecto realizado xunto a Fernando Martínez Vilanova en 2010 para a Fundación Novacaixagalicia. O texto pretende facer unha análise da pintura de Seoane e das estratexias de representación que caracterizan a evolución do seu estilo.

O segundo estudo: “«Esquema de claridades». A obra artística de Luís Seoane durante a Segunda República” é un escrito –que ten como punto de partida unha conferencia impartida no MARCO de Vigo en 2015– centrado nos anos xuvenís do futuro pintor, cando o debuxo é a principal ferramenta creativa que utiliza, moitas veces ao servizo dos ideais políticos republicanos e galeguistas e en estreita complicidade cos proxectos culturais da súa xeración.

A primeira versión -mais breve- do texto “A paisaxe americana. Lorenzo Varela, Luís Seoane e unha viaxe ao territorio de Neuquén” foi publicada en 2005 no número 64 da revista *A Trabe de Ouro*. Trátase dun escrito centrado ao redor dun momento concreto, e fulcral, da evolución estética de Seoane pintor e referenciado por medio da relación co seu íntimo amigo, o poeta e compañeiro de exilio Lorenzo Varela.

Finalmente, o ensaio “Outro idioma galego. A visión da arte galega nos escritos de Luís Seoane” foi presentado como relatorio no “Encontro Luís Seoane artista” celebrado en Pontevedra en maio de 2010, organizado pola Fundación Luís Seoane e mais a Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Neste traballo preténdese dar conta da concepción estética que se percibe nos traballos sobre arte escritos polo noso pintor.

Ao longo de toda súa obra plástica e literaria Luís Seoane preséntasenos como un creador, como un intelectual e artista, debedor dunha idea da cultura vinculada de vez ao compromiso social e político.

Formado no galeguismo e no marxismo dos anos trinta e na cultura republicana, Seoane fixo parte do máis salientábel da intelectualidade fiel á República. Máis tarde, desde o exilio na Arxentina, desenvolveu unha inmensa obra: pictórica, literaria e editorial e todo este labor estivo situado coa mente e as enerxías postas en Galiza, cerna das súas angueiras culturais e políticas, porque Seoane combinou permanentemente un interese pola renovación desde criterios estritamente formais coa preocupación ideolóxica e temática de matriz galega, interesado en dar continuidade a un movemento cultural de carácter nacional.

Mais a obra de Luís Seoane é tamén, toda ela, un exercicio de consciencia e dignidade contra a desmemoria. O artista traza as súas imaxes e calquera manobra de ocultación desaparece, porque con el recuperamos persoas reais que son tamén heroes e son pobo, tan heroes e pobo como Manuela Rodríguez, a emigrante en Xenebra do óleo *Emigrante* (1967, Museo de Belas Artes, A Coruña); os “fuxidos”, vítimas da Guerra Civil, do cadro *Guerrilleiros* (1950, Fundación Luís Seoane); os perseguidos do franquismo do óleo *O proceso de Burgos* (1971; Fundación Luís Seoane, A Coruña) [ilust. 14] ou Roi Xordo, evocado en gravados, cerámicas e tapices que lembran as guerras irmandiñas, en que

o líder da sublevación antiseñorial do século XV é cinsa e é pan
-que diría o poeta amigo Lorenzo Varela-, é parte física e tamén
parte da substancia ética do que nós somos.

O mundo pintado ou poetizado por Seoane, como o de
Lorenzo Varela ou Castelao, segue a existir porque o preservaron
para que a memoria sirva para o noso presente. Porque o
mundo existe en canto algúns o contan, en canto a memoria
persiste como exemplo e advertencia.

Un extraordinario artista, sobrevivente dos campos de exterminio
nazis: Zoran Music, titulou en 1970 a súa serie de debuxos
sobre o terror fascista e o holocausto *Nós non somos os derradeiros*,
advertíndonos -el que levaba perpetuamente o resplandor
do terror carimbado nos seus ollos- contra o esquecemento,
lembrándonos que apenas coñecendo o pasado podemos evitar
os seus males.

Como un lóstrego agroman novamente as imaxes de Seoane
e o escintilar da convulsión do seu tempo tórnase outra volta
absolutamente real mais con el tamén se fai real a esperanza e a
dignidade individual e colectiva.